



Galicia

LOITA polo TEU

ÚNETE

## FAMILIAS UCRÁINAS ASENTADAS EN GALICIA POÑEN EN MARCHA, EN COLABORACIÓN CON UGT-GALICIA, UNHA CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE MATERIAL NAS SEDES DO SINDICATO



**Redacción.-** Unha representación de familias ucráínas asentadas en Galicia, o secretario xeral de UGT-Galicia, a responsable de Políticas Sociais do Sindicato e a responsable do Centro de integración e asesoramento sociolaboral para inmigrantes que UGT ten en Ourense ofreceron este luns en Santiago unha rolda de prensa na que presentaron unha campaña de recollida de material que se vai poñer en marcha e para a que UGT-Galicia abrirá todas as súas sedes ás que se poderán achegar as doazóns.

Ademais, como explicou o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, o Sindicato vai abrir, en colaboración coas federacións, vías de traballo con empresas loxísticas galegas para a almacenaxe e transporte do material que chegue ás sedes. Tamén está en contacto con UGT confederal para analizar como se fará chegar todo isto ós puntos de demanda, sobre todo, ós puntos fronteirizos en Polonia.

Neste senso, Gómez tamén apelou á Xunta a que habilite todos os mecanismos que están ó seu alcance para a axuda, asilo e protección ós refuxiados. Na súa intervención tamén houbo palabras de solidariedade coa poboación rusa que está a ser reprimida, así como cos medios de comunicación que están a ser silenciados e a sufrir os ataques rusos.

Montse Pérez, a responsable do Centro de integración e asesoramento sociolaboral para inmigrantes de Ourense, explicou que as familias ucráínas achegáronse a este centro para pedir axuda e o Sindicato non dubidou en poñer en marcha a súa maquinaria porque nestes momentos toda axuda é necesaria e cantos máis actores haxa neste proceso de solidariedade mellor. Ademais, UGT, con todas as súas sedes, ten forma de chegar a todos os puntos do territorio e a moita poboación para canalizar esta solidariedade que se demanda. Explicou que en Galicia hai censados a día de hoxe máis de 700 ucráinos que viñeron a este país na busca dun futuro mellor e que agora queren axudar ós seus compatriotas e familiares que están sufrindo en Ucraína ou na súa fuxida. Exemplificou moi ben esta necesidade de axuda, para os ucráinos a vida pasou nun día do todo á nada.

Despois, Sofiya Lykhohray, Savitlono Lotsik, Gala Fedoskina

e Yuri Lykhohray puxéronlle voz en primeira persoa ó drama que se está a vivir. Son ucráinos que viven en Galicia pero que manteñen os lazos con Ucraína e todos eles con familia e achegados neste país. Relataron a dor que están a sufrir os ucráinos que permanecen alí vítimas da barbarie de Rusia, a desesperanza e incertidume que sofren tamén os que decidiron saír do país, a maioría mulleres con nenos, e a dor que sofren eles mesmos, incluso ás veces con sentimento de culpa, por non estar no seu país e ó carón dos seus. Polo cal, decidiron que lles toca axudar na medida das súas posibilidades, para o cal puxéronse en contacto con UGT para pedir a súa colaboración.

**UGT**

Solidariedade con  
**UCRAÍNA**

#UGT\_GaliciaAxudaUcraina  
#AxudaFamiliasUcrainas

Familias ucráínas, en colaboración con UGT-Galicia, promoven a recollida de axuda humanitaria para o pobo ucráino. O punto de recollida serán as sedes do Sindicato en Galicia.

Pódense ver as direccións de recollida escaneando o código QR



### MATERIAL NECESARIO

- CUEIROS ( NEÑOS E MAIORES)
- TOALLINAS HÚMIDAS
- COMPRESAS
- PASTA DENTAL E CEPILLOS DE DENTES
- PASTILLAS DE XABÓN
- CAFÉ
- TE
- CHOCOLATE
- VARRAS ENERXÉTICAS
- FROITOS SECOS
- CONSERVAS
- LEITE EN PO
- FLOCOS DE AVEA
- SOPAS E COMIDAS INSTANTÁNEAS
- POTITOS
- AZUCRE

- SACOS DE DURMIR/ MANTAS
- ROUPA TÉRMICA
- ROUPA INTERIOR, CALCETÍNS
- GORROS E LUVAS DE LA ESCUROS

- COLCHÓNS, ESTERILLAS E ILLANTES
- QUEMADORES – CAMPING GAS
- LANTERNAS, PILAS, FOCOS ADAPTABLES
- PASTILLAS AUGA POTABILIZADORAS
- SET DE COSTURA

- TIRITAS, VENDAS, GASAS, APÓSITOS
- AUGA OSIXENADA, ALCOL, BETADINE, IODO
- ANALXÉSICOS, ANTIQUEMADURAS, SORO
- PROTECTORES GÁSTRICOS, LUVAS CIRÚRXCAS



# AS CONCENTRACIÓNS NOS CENTROS DE TRABALLO SUCEDÉRONSE ESTE MÉRCORES EN APOIO A UCRÁINA

**Redacción.-** UGT reitera a súa máis enérxica condena á invasión rusa de Ucraína. Este covarde e ilexítimo acto bélico e a consecuente guerra deben parar de inmediato. Ademais, o Sindicato expresa a súa solidariedade coas xentes de Ucraína e coa súa clase traballadora, coas vítimas no país e coas e cos traballadores ucrainos que residen en España e que viven con dor o drama da guerra na distancia.

Por elo, UGT, xunto con CCOO, convocaron ás traballadoras e traballadores galegos, como sucedeu no resto do Estado, este mércores a paros e concentracións silenciosas nos seus centros de traballo entre as 12.00 e as 12.05 horas, solidarizándose así co pobo ucraino, pedindo o alto ó fogo e a inmediata retirada das tropas rusas do país.

No terreo humanitario, UGT insta ós gobernos da Xunta, de España e da UE a que



estean á altura que require esta situación, brindando todo o apoio necesario ás persoas afectadas pola guerra, na rexión ou onde estas se despracen, elaborando plans de acollida e recolocación dentro da UE.

Tamén deberán facilitarse oportunidades laborais. Hoxe máis que nunca é imprescindible manter presentes os principios fundadores de Europa: paz, democracia e solidariedade.

## OS ACTOS DO 8M CELEBRÁRONSE EN TODA GALICIA

**Redacción.-** Para conmemorar este 8M e para demandar unha igualdade efectiva e real entre homes e mulleres e coa denuncia das eivas que as mulleres seguen a soportar como telón de fondo, UGT celebrou por toda a xeografía galega diversos actos. O propio día 8, ás 12.00 horas, tiveron lugar nas sedes do Sindicato concentracións. E, pola tarde, tamén foron numerosas as delegacións do Sindicato que participaron nas manifestacións convocadas nas principais vilas e cidades galegas.

O día 7, as unións de Ourense, Valdeorras e Verín e a de Pontevedra, Deza e Arousa celebraron sendos actos de conmemoración nos que fixeron entrega de distincións e recoñeceron a traxectoria de dúas mulleres. No caso de Ourense, a homenaxeada foi María José Fernández Bello. En Pontevedra foi Isabel Varela a que recibiu a distinción.

O día 8, estes actos sucedéronse nas comarcas de Coruña, Cee, onde se destacou a traxectoria de Raquel Barral López; Ferrol, onde se homenaxeou a Beatriz Blanco Lorenzo; Lugo, Lemos e Costa, onde foi Montserrat Rodríguez Souto a que recibiu a distinción do Sindicato neste 8M; e en Vigo foi Julia Bouza a homenaxeada. Ademais, nesta comarca tamén se celebrou unha xornada sobre "A muller no mundo deportivo dende unha perspectiva de xénero" na que interviñeron Begoña Fernández (ex xogadora da selección española de balonmán e medallista olímpica en Londres no 2012), Elena Casal (árbitra), Cristina Cantero (adestradora de baloncesto do Celta de Vigo) e Mariona Martín (xogadora do club de baloncesto Celta de Vigo).

Hoxe pola mañá foi UGT Compostela, Barbanza a Unión que fixo en-

trega da distinción a Elena Deidda Constela.





## GALERÍA DE IMAXES CONCENTRACIÓN DIANTE DAS SEDES DE UGT EN GALICIA POLO 8M



**CRISTINA ANTOÑANZAS INTERVÉN EN SANTIAGO NUNHA ASEMBLEA NA QUE SE ANALIZA “O IMPACTO DA REFORMA LABORAL NA MULLER”**

**AS MEDIDAS, FROITO DA CONCERTACIÓN DESTES DOUS ÚLTIMOS ANOS, VAN A SUPOÑER UN ANTES E UN DESPOIS NA CONSECUCCIÓN DA IGUALDADE REAL**

**Redacción.-** A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, interviu hoxe na asemblea de delegados e delegadas que UGT organizou en Santiago para analizar “O impacto da reforma laboral na muller”, no marco dos actos do 8M que se celebraron ó longo de toda a semana.

Na súa intervención, que foi precedida pola presentación da secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos, que destacou a labor a prol da igualdade do Sindicato nos seus 130 anos de historia, fixo fincapé no impacto das reformas lexislativas, dentro do contexto do diálogo social, sobre a igualdade real e efectiva de homes e mulleres. Neste senso, puxo en valor o diálogo social e os seus froitos.



Abriu o relatorio de medidas co modelo de ERTE's aprobados a raíz da pandemia, que afectaron a máis de 3,5 millóns de traballado-

Continúa na páxina seguinte...



res e traballadoras, que serviron para protexer o emprego, neste caso, de máis mulleres que homes. Sempre foron máis traballadoras que traballadores os que estiveron ó amparo de ERTE's e agora mesmo tamén, o que está a amosar que lles está custando máis saír da situación. Destacou tamén a Lei do Teletraballo que deixou claro que teletraballar non é conciliar e que esta nova modalidade laboral tiña que ser regulada para evitar certos abusos empresariais.

No seu relatorio de medidas aprobadas ó abeiro do diálogo social, están os dous reais decretos, o 901 e o 902, que están a supoñer un antes e un despois na igualdade deste país. O primeiro, desenvolve os plans de igualdade que van a darnos unha fotografía clara e concreta do que hai nas empresas, dende a clasificación profesional, formación, excedencias, casos de acoso e como está recollido... e todo isto separado por sexos.

En canto ó 902, no que se entra de chego na igualdade retributiva, vanse saber dunha vez por todas as diferenzas salariais detalladas por

sexos, non só no relativo ós salarios base, senón en todo o referente ó resto dos conceptos salariais, como os complementos. Tamén adiantou que hai unha guía acordada cos empresarios sobre a valoración dos postos de traballo nas empresas que sairá á luz nos vindeiros días e que tamén vai constituir unha ferramenta básica en prol da igualdade real e efectiva.

Aclarou que a partir deste luns, xa son obrigatorios os plans de igualdade nas empresas de máis de 50 traballadores e traballadoras pero é que estas tiveron dende 2019 xa un prazo de tres anos para poñerse ó día e hoxe, das 25.000 empresas afectadas, só unhas 4.500 teñen este plan.

As progresivas subas do SMI tamén están a dar os seus froitos, xa que afectan ós salarios máis baixos, sobre todo a mulleres e mozos. De feito, nos dous últimos anos a brecha salarial reduciuse en dous puntos e agárdase que coa última suba, que aínda non está rexistrada na última análise de brecha que se fixo en base a datos de 2019, esta aínda se reduza máis.

Pero é que o ano 2022 vai constituir o ano da maior inflexión, a reforma laboral que, ademais dos cambios na contratación, trae a recuperación da ultraactividade, que vai beneficiar e moito ás mulleres; a recuperación da prevalencia do convenio de sector fronte ó de empresa; e, finalmente, a obrigatoriedade de que as contratas e subcontratas apliquen o convenio de sector da actividade desenvolvida. Isto vai acabar cos abusos das multiservizos, que actúan, sobre todo, en sectores altamente feminizados, polo que, de novo, as mulleres vanse a ver beneficiadas.

De feito, neste último punto, calcúlase que as mulleres poderían recuperar ata 7.000 euros ó ano. Finalmente, reiterou o punto de inflexión que van a supoñer todas estas medidas no eido da igualdade e apelou a que todos os cambios e medidas que se implementen se fagan con perspectiva de xénero. Por exemplo, cos fondos de reestruturación, as administracións teñen que incidir en que ningún dos pasos que se de pode acrecentar as brechas xa existentes.

## UGT RECLAMA ACTUACIONES INMEDIATAS ANTE A CRISE ENERXÉTICA

*Europa ten que adoptar unha Estratexia fronte á forte dependencia do gas ruso e España ten que actuar xa para que a pobreza enerxética non acade cifras desorbitadas*

**Redacción.-** Estamos a ver a fraxilidade de Europa en materia de enerxía como consecuencia dunha dependencia moi elevada dun único provedor do gas. En 2021, o gas natural importado de Rusia representaba ao redor do 45 % das importacións de gas da UE e preto do 40 % do seu consumo total de gas.

España segue experimentando unha esaxerada e continúa subida do prezo da electricidade, alcanzando hoxe os 472,97 € MWh.

Para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), España ten que actuar de inmediato para:

Garantir unha subministración estable e alcanzable, diversificando os provedores, mellorando as redes de transporte, fomentando as novas tecnoloxías de almacenamento, acelerando o investimento en transición enerxética e en renovables e potenciando o aforro e a eficiencia enerxética.

Protexer aos consumidores de electricidade vulnerables, reformando o bono social, xa que precisamente as subidas repercuten directamente na tarifa PVPC que é precisamente a que están obrigados a contratar para ser beneficiarios do mesmo.



Modificar a Resolución da CNMC do 6 de maio de 2021, pola que se aproban as regras de funcionamento dos mercados diario e intradiario de enerxía eléctrica para a súa adaptación dos límites de oferta aos límites de casación europeos. Dita Resolución permite desde o 6 de xullo que as eléctricas oferten a electricidade a prezos que poderían chegar a alcanzar os 3.000 € MWh, modificando o tope de 180 euros que estaba vixente desde 1998.

Presionar á Unión Europea para que reforme o actual sistema marxinalista de formación de prezos da luz, un modelo de poxa no que a tecnoloxía máis cara determina o prezo do resto de tec-

noloxías, xa que todas cobran o prezo que marca a última unidade que permite casar oferta e demanda. Un sistema totalmente inxusto, que promove a especulación. Para iso, é necesario desacoplar o gas da electricidade, permitindo que os Estados membros fixen un prezo máximo por megawatt hora para as ofertas na poxa diaria a electricidade producida con gas natural. Desta forma, todas as tecnoloxías serían retribuídas a prezos moi superiores aos seus custos de produción, salvo as centrais térmicas, ás que a posteriori o sistema podería compensarlles as perdas, engadindo marxes de beneficio razoables, pero afastados da especulación.

## O PSOE OPONSE A QUE OS TRABALLADORES ENFERMOS OU FAMILIARES DE FALECIDOS ACCEDAN Ó FONDO DE COMPENSACIÓN DO AMIANTO

**Redacción.-** O luns 7 de marzo, a Federación Estatal de Asociacións de Vítimas do Amianto, UGT e CCOO tivemos coñecemento do documento de emendas presentadas polos Grupos á proposición de Lei de creación dun fondo de compensación das vítimas do amianto que se comezará a negociar o 16 de marzo en Comisión Parlamentaria.

Para a nosa sorpresa e indignación, o Grupo Parlamentario Socialista (GPS) presentou un documento que constitúe un ataque frontal ao propio Fondo, xa que excluíría ás persoas traballadoras cuxos danos se derivasen de exposicións laborais, limitándoo ás exposicións ambientais e familiares, pero a condición de que esas persoas teñan recoñecida unha discapacidade permanente de polo menos un 33% e non teñan dereito a unha pensión ou prestación e que residisen polo menos 10 anos en España. O GPS xustifica a eliminación das exposicións laborais na existencia de abundante normativa (prohibición de uso do amianto, lexislación de prevención de riscos laborais, normativa de Seguridade Social) que lles proporciona un tratamento “moi favorable que facilita a protección adecuada dos traballadores afectados”. Ademais, o financiamento do fondo dependería exclusivamente de partidas dos Orzamentos Xerais do Estado e das posibles indemnizacións como consecuencia da subrogación do dereito a litigar contra as empresas responsables, de tal maneira que se excluíría o financiamento a conta de fondos de Seguridade Social e das Mutuas. As emendas eliminan os artigos que regulaban os órganos de Goberno do fondo, deixándoo para un posterior desenvolvemento regulamentario que engadiría atraso á súa entrada en funcionamento e que se con-

verte nunha manobra dilatoria. Así mesmo, as emendas do PSOE situarían a xestión do fondo no ámbito do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), dependente do Ministerio de Asuntos Sociais e Axenda 2030. Hai que facer notar que as emendas do GPS son as únicas que fan borrón e conta nova, mentres que as do resto de grupos parlamentarios respectan o espírito da proposición de Lei como punto de partida para as súas achegas.

Desde FEDAVICA, CCOO e UGT vémonos na obrigaçión de lembrar ao PSOE que a proposición de Lei obxecto de tramitación aprobouse no Parlamento Vasco por unanimidade, incluído o voto favorable do Partido Socialista de Euskadi, e que se inspira nos fondos de indemnización ás vítimas do amianto de Francia, Bélxica ou Países Baixos, vixente desde hai 20 anos no caso francés, que inclúen entre os seus beneficiarios ás persoas traballadoras afectadas. O que xustifica a existencia deste tipo de fondos son varias razóns, entre elas, a falta de protección dos poderes públicos que sendo coñecedores dos efectos mortais do amianto non tomaron medidas para protexer das súas exposicións laborais ata pasadas décadas desde que se fixo pública a evidencia científica. Estes fondos non son unha alternativa ás prestacións derivadas do recoñecemento da enfermidade profesional, senón ás indemnizacións por danos e prexuízos tras procesos xudiciais que se prolongan durante anos e que en moitos casos finalizan cando a persoa afectada xa faleceu. Ademais, son a única vía para compensar naqueles casos nos que a empresa desapareceu, situación bastante frecuente ao estar



asociada a patoloxías con longos períodos de latencia e que se manifestan décadas despois das exposicións.

UGT, CCOO e FEDAVICA queremos manifestar o noso rexeitamento e indignación co contido das emendas presentadas polo PSOE, pero tamén pola maneira nas que as coñecemos. As nosas entidades reuníronse en diversas ocasións co GPS, a última delas o 16 de febreiro, e a información que nos facilitaron era completamente oposta ás emendas rexistradas. As deputadas do GPS presentes na última reunión propuxéronnos retomar as discusións na Comisión Parlamentaria desde os puntos de consenso alcanzados no anterior intento de tramitación en 2019, algo co que estivemos de acordo, sendo un dos principais consensos naquel momento o dar cobertura ás exposicións laborais. Así mesmo, informámonos que a decisión de situar a xestión do fondo no ámbito do IMSERSO era unha reclamación do Ministerio de Asuntos Sociais e Axenda 2030, encabezado por Ione Belarra, pero agora comprobamos que é algo que non figura nas emendas de Unidas Podemos, senón nas do PSOE.

## O TELETRABALLO DERIVADO DA PANDEMIA, UN NOVO FOCO DE DESIGUALDADE DE XÉNERO

**Redacción.-** O responsable de dixitalización de UGT, José Varela, destacou que a pandemia investiu a tendencia de que o traballo a distancia era unha modalidade cunha maior presenza masculina e supuxo, ademais, un grave retroceso en termos de coresponsabilidade.

José Varela fixo fincapé en que, segundo o estudo “Teletraballo e Corresponsabilidade”, realizado polo Servizo de Estudos da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores por mor do incremento do teletraballo pola crise sanitaria e o seu desigual impacto de xénero, “o traballo a distancia en pandemia perpetuou os roles de xénero preestablecidos”.

“Invéstese así unha tendencia de máis dunha década de forma que, cando o teletraballo explota, o número de mulleres que pasa a situación de teletraballo dobra ao dos homes, con especial incidencia nos rangos de idade entre 25 e 54 anos. De feito, en 2020, o número de mulleres teletraballando excede, por primeira vez na historia, ao de homes (un 50,31% do total)”, sinalou.

“De feito”, engadiu, “os últimos datos proporcionados pola EPA confirmaron trimestre tras trimestre as conclusións do estudo e de como o teletraballo feminino aumentaba en función da incidencia do Covid. De novo, a finais de 2021, volvemos a ver como as mu-

lheres acudían ao auxilio dos coidados familiares, coincidindo coa sexta onda, tal e como pasou en todas as ondas anteriores. Unha evidencia é que o teletraballo perpetúa os roles de coidados, que recaen, como sempre, nas mulleres”.

Varela subliña que é evidente que hai que poñer o foco en que “o teletraballo en pandemia supuxo un grave retroceso en termos de coresponsabilidade, e, neste contexto, e para evitar novas desigualdades, UGT aposta por usar as ferramentas dispoñibles para investir esta tendencia negativa, e, para iso, a forma máis efectiva é a Negociación Colectiva”.